

PARTICIPACIÓN DE COROS DE GALICIA PARA PROXECTO COLABORATIVO “CANTAMOS!”

1. Cal é o proxecto?

A Real Filharmonía de Galicia (RFG) fai unha chamada a coros de Galicia para formar parte dos coros participativos no concerto CANTAMOS!, que terá lugar no Auditorio de Galicia o día 21 de decembro de 2023. O galego Javier Fajardo será o director, e o coro Orfeón Terra a Nosa será o coro de escenario.

2. Que se vai cantar?

O repertorio a interpretar será a *Misa na Honra do Apóstolo Santiago* de Juan Montes (indicamos os cortes que cantarán os coros participativos no punto 7 deste documento) e a panxoliña *Merry Christmas Beethoven*, de Juan Durán. As partituras serán proporcionadas en PDF pola RFG aos coros seleccionados.

3. Cando son os ensaios?

Os ensaios previos serán no Auditorio de Galicia, dirixidos por Javier Fajardo, nos días que se detallan:

- 5 de novembro (domingo): de 17:00h a 20:00h (ENSAIO COROS)
- 17 de decembro (domingo): de 10:30h a 14:00h (ENSAIO COROS)
- 20 de decembro (mércores): de 19:00h a 21:00h (ENSAIO XERAL)
- 21 de decembro (xoves): ás 20:30h (CONCERTO)

4. Como participar?

O período de inscrición neste proxecto será desde o día 6 ao día 15 de setembro, e haberá que achegar a ficha de datos cuberta ao correo electrónico info@rfgalicia.org. Poderase descargar esta ficha na nosa web www.rfgalicia.org

5. Como será a selección?

Farase unha selección atendendo o equilibrio das cordas de cada coro e á súa traxectoria. O día 18 de setembro anunciaranse os coros seleccionados. O número máximo de coristas será de 120.

6. Gastos

Os gastos derivados da asistencia aos ensaios e ao concerto deberán ser asumidos polos coros participantes.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
CONSORCIO DE SANTIAGO

7. Fragmentos das obras que cantan os coros participativos

Montes

Kyrie

c. 5 a 12

c. 23 a final

Gloria

c. 6 a 21

c. 47 a 71

c. 157 a 173

c. 186 a final

Credo

c. 3 a c. 12

c. 79 a 88

c. 200 con anacrusa a 207

c. 216 con anacrusa a 248

c. 268 a 281

c. 306 a final

Sanctus

c. 2 a 13

c. 26 a final

Benedictus (completo)

Agnus Dei Non.

Durán

c. 66 a 121

c. 164 a final